


Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 2

28

## A CASIÑA DOS PAXAROS

Tareixa era carpinteira. Era unha auténtica pataca sen sal. Non falaba nin cos seus veciños. Pasaba os días facendo casiñas para os paxariños da súa aldea.

1.- *Que oficio tiña Tareixa?*

2.- *Como era Tareixa?*

3.- *Como pasaba os días?*

4.- *Para quen eran as casas?*

Nome:

Data:


COMPRESIÓN  
GALEGO 2

29

## A CARTA

Xa chegou a carta de Suíza. Tróuxoa Abel, o carteiro, que é alto como un salgueiro. A carta era do meu tío Armando e nela dicía que ía vir no verán.

1.- De onde viña a carta?

2.- Como é Abel, o carteiro?

3.- De quen era a carta?


  

4.- Que dicía o meu tío Armando na carta?

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 2

30

## A EMPANADA

A avoa de Lorena é unha gran cociñeira. Está máis xorda que unha tapiá. Fai unhas empanadas de xoubas moi saborosas e con elas convida a toda a familia.

1.- *Quen é unha gran cociñeira?*

2.- *Como está a avoa de Lorena?*

3.- *De que son as empanadas?*

4.- *A quen convida a avoa de Lorena?*